



XXI CAMPIONATO
UNIVERSIDADE DE VIGO
TENIS


FASE PREVIA: 7 ao 11 de marzo (por campus)

FASE FINAL: 16 e 17 de marzo

Número de Homologación: 956

LUGAR: Instalacións deportivas do campus de Vigo

(Fase previa nas pistas de cada campus)



O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, organiza o XX Campionato Universitario de Tenis , dacordo co seguinte.

REGULAMENTO

1.- PARTICIPANTES:

Poderán tomar parte tódolos membros da comunidade universitaria que o desexen sen mais requisito que a presentación do seu D.N.I. e o Carné Universitario.

2.- CATEGORIAS:

- Individual Masculino
- Individual Feminino
- Dobres Masculino
- Dobres Feminino

3.- FASES:

Todas as probas disputaránse en dúas fases: Fase Previa e Fase Final.

Todos aqueles xogadores que xa participaran nun CEU entrarán directamente na fase final tanto no cadro de individuais como de dobres (sempre que manteñan a mesma parella ca nos CEU)

Os cadros, masculinos e femininos das **fases previas do Campus de Vigo**, xogarase do 7 ao 11 de marzo nas pistas de tenis do Campus, e neles participarán tódolos xogadores/as do Campus de Vigo inscritos e que non teñan dereito a acceder directamente as fases finais.

No Campus de Vigo haberá dous cadros, un para xogadores federados pola RFET e outro para os non federados.

Os cadros, masculinos e femininos, das **fases previas do Campus de Ourense**, xogaránse os días 7 ao 11 de marzo nas pistas de tenis do Campus de Ourense, e neles participarán tódolos xogadores/as do campus de Ourense inscritos e que non teñan dereito a acceder directamente as fases finais.

Os cadros, masculinos e femininos, das **fases previas do Campus de Pontevedra**, xogaránse os días 7 ao 11 de marzo nas instalacións indicadas previamente polo Servizo de Deportes do Campus de Pontevedra, e neles participarán tódolos xogadores/as do campus inscritos e que non teñan dereito a acceder directamente as fases finais.

3.1.- FASE FINAL MASCULINA:

Xogarase os días 16 e 17 de marzo nas pistas do Campus de Vigo.

Estará formada por 16 xogadores. Entrarán directamente no cadro os 8 inscritos mellor situados na vixente Clasificación Nacional da R.F.E.T.

Os 8 restantes procederán da Fase Previa que estará dividida en tres cadros, a xogar en Ourense, Pontevedra e Vigo. O número de xogadores de cada cadro con acceso a Fase Final será directamente proporcional o número de participantes en cada un.


A Fase Final do Dobres Masculino estará formada por 8 parellas. Entrarán directamente no cadro as 4 parellas con maior puntuación, sumadas as individuais de ámbolos dous xogadores.

As 4 restantes procederán da Fase Previa que estará dividida en tres cadros, a xogar en Ourense, Pontevedra e Vigo. O número de parellas de cada cadro con acceso a Fase Final será directamente proporcional o número de participantes en cada un.

3.2.- FASE FINAL FEMININA:

Xogaráse os días 16 e 17 de marzo nas pistas do Campus de Vigo.

Estará formada por 8 xogadoras. Entrarán directamente no cadro as 4 inscritas mellor situadas na vixente Clasificación Nacional da R.F.E.T.



As 4 restantes procederán da Fase Previa, que estará dividida en tres cadros a xogar en Ourense, Pontevedra e Vigo. O número de xogadoras de cada cadro con acceso a Fase Final será directamente proporcional o número de participantes en cada un.

A Fase Final do Dobres Feminino estará formada por 8 parellas e entrarán directamente no cadro as 4 parellas con maior puntuación, sumadas as individuais de ámbalas dúas xogadoras.

As 4 restantes procederán da Fase Previa que estará dividida en tres cadros, a xogar en Ourense, Pontevedra e Vigo. O número de parellas de cada cadro con acceso a Fase Final será directamente proporcional o número de participantes en cada un.

4.- INSCRICIÓN:

As inscrición faránse na aplicación de inscricións web do Servizo de Deportes dende o 15 de xaneiro ao 3 de marzo as 14 horas.

5.- HORARIO:

Os partidos xogaránse en horarios de mañán ou tarde e dende as 20,00 horas de cada día figurarán no taboleiro de anuncios exposto nos locais do Servizo de Deportes os horarios de xogo do día seguinte. Os cadros estarán expostos na web do Servizo de Deportes.

O Servizo de Deportes reservase o dereito de suprimir calquera das probas se non se consegue un mínimo de 8 inscritos.

Aqueles participantes que teñan problemas de horarios rógase o comuniquen no apartado de observación da inscrición, estas observacións serán unha guía na hora de facer os horarios pero non significa que non lles toque disputar algún encontro dentro dos mesmos.

*** Será obriga de cada xogador informarse da hora dos seus partidos.**

6.- INCOMPARECENCIA (W.O.):

Aplicarásese rigorosamente o xogador/a que non compareza na pista transcorridos dez minutos despois da hora fixada para o comezo do partido.

7.- ARBITRAXE:

Todo participante está na obriga de arbitrar cada día un partido da proba na que está inscrito se así o decide o xuíz árbitro.

O Xuíz Árbitro do Campionato será Jorge Comesaña Comesaña, o cal nomeará os auxiliares que precise.

8.- NORMAS XERÁIS:

Todos os partidos xogaránse o mellor de tres sets, aplicándose o desempate (Tie Break) en todos eles, a excepción do terceiro set que será un super-tiebreak (a 10 puntos) salvo en semi-finais e finais do cadro principal que se xogará ao mellor de tres sets con tie-break en todos eles.

As Cabezas de Serie estableceránse según a Clasificación Nacional actual da R.F.E.T.

O Campionato xogarásese con pelotas facilitadas polo Servizo de Deportes desta Universidade, estando os xogadores na obriga de devolvelas o remate do encontro.

Todas as cuestións que se susciten e non figuren no presente Regulamento, serán resoltas polo Xuíz Árbitro do Campionato e o Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, sendo o seu fallo inapelable.

Vigo 1 de novembro de 2.015

